



## Concello de Vigo

### YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 29 de decembro de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

#### **24.- SUBVENCIÓN POR INTERESE XERAL A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO. EXPTE. 8252/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización do 27/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/2022, asinado pola técnica de actividades turística, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 08/09/2022, a **ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO** presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento da FESTA DA ALEGRÍA que tivo lugar os días 4 ao 18 de xuño de 2022; por este motivo, con data 15/09/2022, a concelleira delegada da Área de Turismo e Xuventude resolveu que se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 14.520 €.

#### ANTECEDENTES.-

A Festa da Alegría naceu no ano 2012 como unha evolución doutra festa que se viña realizando no barrio, a Festa da Xuventude. Desde o ano 2012 a Festa da Alegría foise transformando e especializándose nun público infantil e eminentemente familiar. Pasarúas, malabares, obradoiros diversos e concertos de música infantil son as actividades que nunca faltan na Festa da Alegría para dotala dese carácter marcadamente familiar. A Festa da Alegría foi medrando no número de asistentes, pasando de ser pouco máis de 5.000 persoas as que asistiron ás diversas actividades que se programaron no ano 2012 a superar amplamente as 60.000 persoas que disfrutaron a semana de festa do ano 2019. O público que asiste á festa proven doutros puntos da cidade, pero tamén, e cada ano en maior medida, de concellos de proximidade tales como Redondela ou Pontevedra que aproveitan esta celebración como escapada de fin de semana. Este aumento do público asistente fixo replantearse á organización da festa a súa descentralización en múltiples espazos polo barrio para evitar así masificacións excesivas que fosen en detrimento da mesma. Máis de 60.000 persoas pasaron polo barrio do Calvario na edición do ano 2019. O público asistente proven tanto da propia cidade como dos concellos colindantes. O aumento nas vendas no comercio da zona durante os días de festa está no entorno do 40% sendo o aumento na hostelería dun 200% (Datos facilitados pola Asociación de comerciantes do Calvario). A ocupación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 1 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

hoteleira no entorno do barrio durante eses días aumenta durante a fin de semana debido fundamentalmente as visitas de xente do entorno dos concellos máis próximos.

Non obstante na edición da Festa da Alegría 2022 pretendeuse reforzar o atractivo turístico da mesma, superando a área de influencia máis inmediata (Mos, Redondela , Porriño, etc) levando á festa ao país veciño como mostra de intercambio cultural . Concretamente o día 10 de xuño, día de Portugal, celebrouse un irmanamento coa freguesía de Alvorge no Concello de Ansião no centro de Portugal. Con motivo de dita celebración autoridades e empresarios da zona, que pasaron o día na cidade, en recíproca visita á que realizou dende a Asociación estima unha afluencia turística o pasado mes de maio, de a lo menos 60.000 persoas.

Así mesmo nesta edición, sen esquecer as actuacións destinadas ao público infantil e familiar, complementouse as actividades dotando á festa dun marcado carácter cultural. Neste senso os días 4 e 5 de xuño de 2022 celebrouse na Peonil do Calvario o certame de cómic do Calvario “Banda á Feira” de xeito que máis de 30 casetas instaladas ao longo da peonil acolleron exposicións de comic de diversos autores Carles Dalmau, Anabel Colazo, Mayte Alvarado, Borja González

Carles Dalmau, ilustrador que con medio millón de seguidores nas redes sociais traballou en numerosos proxectos relacionados coa ilustración; dende cómic e webcomic a arte para videoxogos e debuxos animados, entre outros Anabel Colazo ilustradora española graduada en Belas Artes e considerada unha das novas voces emerxentes da novela gráfica española. Xa desde os seus inicios no sector editorial, as súas obras tiveron moi boa acollida tanto por parte da crítica como por parte do público.

Anabel Colazo escribiu varios fanzines grazas aos que foi gañadora de o Premio ao mellor fanzine no Salón do Cómic de Barcelona en dúas ocasións. A súa primeira novela gráfica tamén mereceu dous nomeamentos en o Salón Internacional do Cómic de Barcelona. A súa novela gráfica Non Mires Atrásentró na lista dos Esenciais do ACDCómic, foi gañadora de o Premio Splash Project e finalista aos Premios Ignotus, ademais de obter nomeamentos a outros galardóns como: Mellor guionista nacional Xornadas de Cómic de Avilés, Mellor Obra Nacional Premios Zona Cómic-Cegal, Mellor Guionista Nacional XX Edición dos Premios da Crítica de Dolmen Editorial, Mellor Autor Revelación II Edición dos Premios Carlos Giménez por Heroes Cómic Con Madrid e Futuro talento de Cómic I Premios José Sanchis Grau.

As iniciativas desenvolvidas pola Asociación (Banda á Feira) e o intercambio cultural con Portugal constitúe un novo atractivo turístico e a súa desestacionalización do turismo e, por extensión, á proxección da cidade e os seus atractivos turísticos.

Neste contexto se impulsan estratexias de diversificación da oferta e desestacionalización dos fluxos turísticos que perseguen superar os problemas inherentes á estacionalidade da demanda e a rixidez da oferta. Os principios de diversificación e desestacionalización permiten incrementar os niveis de renda e emprego, a actividade turística prolóngase ao longo de todo o ano e cáptase unha clientela con maior



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 2 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

capacidade de gasto, reducen os impactos negativos sobre o medio ambiente ou o patrimonio histórico-cultural, e promoven o desenvolvemento rexional dado que os beneficios afectan a todo o territorio. Nesta mesma liña de actuación, a diversificación dos atractivos dunha cidade e a oferta dunha maior variedade de produtos ao longo do ano incentiva a chegada do turismo dun modo regular e evita que se concentre en tempadas curtas é outro dos fins para obter unha chegada de fluxos turísticos regular ao longo do ano.

Neste senso cabe destacar que o turismo é unha das industrias mais afectadas pola crise provocada pola COVID-19 e tras a crise sanitaria a forma de desenvolvemento turístico cambiou por completo. Os programas para estimular a recuperación do turismo se centran na diversificación da oferta e a desestacionalización da demanda co fin de reconstruír destinos turísticos mais sostibles, inclusivos e resilientes.

Así mesmo cabe destacar que son obxectivos específicos relacionados co sector turístico, entre outros os seguintes:

- Potenciar o comercio local e de proximidade.
- Promocionar a contorna de Vigo a través dunha actividade cultural de grande tradición na nosa cidade.
- Achegar un valor engadido á contorna con actividades diferentes ás habituais.
- Promover o turismo familiar.
- Conseguir sinerxias entre turismo-cultura-comercio e hostalería.
- Aumentar o caudal de público, intentando desestacionalizar os fluxos de asistentes.
- Ofrecer alternativas locais ao consumo.
- Mellorar a oferta comercial, hostaleira e de ocio de cara ao turismo.
- Dar a coñecer o tecido asociativo local que traballa en pro dunha economía fluída.
- Por último, cumprir todos estes obxectivos nun ambiente familiar, próximo e distendido é tamén un obxectivo en si mesmo.

O orzamento que se achega a Asociación de Veciños do Calvario, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe de 27.650,00€ mais IVE, dos que o Concello de Vigo achega 14.520,00€

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificación da conta bancaria
- Contrato de seguro de Responsabilidad Civil.
- Solicitud de subvención nominativa
- Declaración responsable del presidente
- Modelo de certificado do secretario da entidade ou persoa que teña atribuída as funcións de certificación de feitos e acordos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 3 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO , para o financiamento da Festa da Alegría que tivo lugar en xuño do 2022, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO se axusta ao previsto no art. 22.2 apartado c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade turística organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das bases do Réxime Local, da información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, así mesmo da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, segundo os artigos 80.2.n) das actividades e instalacións culturais e deportivas , a ocupación do tempo libre e o turismo.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO ten como obxecto o autofinanciamento do proxecto presentado que ten por obxecto levar a cabo a programación da FESTA DA ALEGRÍA que tivo lugar en xuño do 2022,

Con data 26 de decembro de 2022 a xefa do Servizo de Festas informa que a partida orzamentaria 3380 4890000 “Transf. a entidades e Comisión de Festas” dispón de un saldo suficiente polo que podería imputarse a mesma o importe de 14.520,00€ á subvención, sen que a antedita minoración afecte ao normal funcionamento do servizo de Festas e o Concelleiro de Festas resolve autorizar o gasto de 14.520,00€ á partida orzamentaria 3380 4890000 “Transf. a entidades e Comisión de Festas” para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 4 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

tramitación por parte do Servizo de Turismo dunha subvención de interese xeral á asociación de veciños do Calvario con motivo da Festa da Alegría. (doc N° 220274792 anexo ao expediente)

Na mesma data solicitouse RC á Intervención, que autorízase pola dirección contable e orzamentaria co N° 150542.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Turismo e Xuventude e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por interese xeral por importe de 14.520,00 € (catorce mil quiñentos vinte euros) a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO, CIF. G36648293, para o financiamento do proxecto presentado que ten por obxecto levar a cabo a programación da FESTA DA ALEGRÍA que tivo lugar entre os días 4 e 18 de xuño do ano 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380 4890000 "Transf. a entidades e Comisión de Festas" da que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

1.- Organización das actividades obxecto da Festa da Alegría, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo da dirección do presidente da entidade, Raúl Fontán Villanueva.

2.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

3.- Deberá respectar e cumprir as prescricións previstas na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e, se procede, o Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 5 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.

4.- Xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do proxecto presentado para levar a cabo a programación da Festa da Alegría, así como o abono de todos os gastos derivados da súa organización.

5.- Facilitar ao persoal técnico do servizo de Turismo do Concello de Vigo, canta documentación e información lle sexa requirida.

6.- Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.

7.- No caso de desenvolverse no recinto algunha actividade comercial ocasional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontables e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, a respectivas declaracións responsables asinada polos titulares dos postos conforme cumpren cas condicións de venda ambulante, manipulación de alimentos e hixiénico sanitarias.

8.- Comunicar á Concellería de Turismo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

9.- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1.- Financiamento do custe das actuacións previstas da organización da Festa da Alegría, a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na primeira proposta á Xunta de Goberno Local.
- 2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Turismo do Concello de Vigo, a través da técnica do servizo de Turismo, a quen comunicará calquera incidencia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 6 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme da concelleira-delegada da Área de Turismo.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de 27.650,00€ mais IVE.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 31 de decembro do 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 7 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - 1.Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - 2.Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - 3.Memoria de prensa.
  - 4.Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - 5.Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 8 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde o 4 de xuño do 2022 ao 18 de xuño de 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Turismo. Os técnicos da Área de Turismo emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 9 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

## INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo e Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 04:12	Páxina 10 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A5AC57-BEA2CB-AA312A-YZZG85-W8AANP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.

